

Regulamento de Réxime Interno do Instituto da Lingua Galega

O Instituto da Lingua Galega (ILG) é un instituto universitario de investigación propio da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O ILG cumpre os requirimentos para a constitución de institutos universitarios de investigación esixidos tanto na Lei Orgánica de Universidades (LO 6/2001, de 21 de decembro) coma nos propios Estatutos da USC e no Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC (aprobado polo Consello de Goberno o 18 de outubro de 2017). Deste xeito, o ILG é un centro destinado á investigación científica e técnica sobre o galega, presta asesoramento técnico sobre esta materia, promove a formación neste ámbito, organiza cursos e encontros de carácter científico e está capacitado para desenvolver programas e estudos de doutoramento e de posgrao.

A acta fundacional do ILG foi asinada o 26 de xullo de 1971 e contén os seus primeiros estatutos. Desde entón a normativa de funcionamento revisouse en diversas ocasións co fin de axustarse ao establecido nas leis e normas de carácter xeral vixentes en cada momento. A última revisión do seu Regulamento de Réxime Interno, o vixente ata o momento da aprobación do presente texto, tivo lugar en 2016.

Desde a súa creación este Instituto vén desenvolvendo ininterrompidamente traballos de investigación sobre a lingua galega, de difusión do seu coñecemento e de impulso da súa normalización social, e desempeñou un papel central na codificación do galega. O labor realizado durante estes anos levou o ILG a converterse nunha institución de referencia dentro da lingüística galega.

Na actualidade o ILG reafirmase no seu compromiso coa innovación e o desenvolvemento da investigación lingüística, coa divulgación de coñecemento e coa promoción da normalización social do galega, como forma de contribuír ao desenvolvemento científico, cultural e social de Galicia e dos territorios exteriores de lingua galega.

TÍTULO I DA NATUREZA E OBXECTIVOS DO ILG

Artigo 1º

O Instituto da Lingua Galega configúrase como un instituto universitario propio, dedicado especialmente á investigación no campo da lingua galega en todos os seus aspectos.



Ademais, de acordo co establecido na lexislación vixente, esta condición capacítalo para desenvolver programas e estudos de doutoramento e de posgrao, e para prestar asesoramento técnico no marco da súa competencia.

Artigo 2º

O ILG rexeráse pola lexislación estatal e autonómica de aplicación e mais polo disposto nos Estatutos da USC, no Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC (aprobado polo Consello de Goberno o 18 de outubro de 2017 e modificado por este mesmo órgano o 31 de xaneiro de 2018) e neste regulamento.

Artigo 3º.- Obxectivos

Os obxectivos do ILG son:

- a) Desenvolver a investigación científica e técnica no campo da lingüística e filoloxía galegas.
- b) Poñer á disposición da comunidade investigadora e da sociedade en xeral os resultados das investigacións e o coñecemento sobre a lingua galega.
- c) Desenvolver ferramentas tecnolóxicas que poidan ser de aplicación para a investigación sobre a lingua galega e para a difusión dos seus resultados.
- d) Formar talento investigador e apoiar o desenvolvemento da carreira científica do seu persoal investigador seguindo as directrices fixadas na estratexia de xestión de recursos humanos de investigación da universidade.
- e) Adoptar unha orientación internacional que favoreza o desenvolvemento de colaboracións científicas, o acceso a redes e a participación en iniciativas institucionais, e que proxecte internacionalmente o galego como obxecto de estudo científico.
- f) Desenvolver a súa actividade baixo os principios de investigación e innovación responsables no que se refire a cuestións éticas, políticas de xénero, acceso aberto e implicación coa sociedade e a cidadanía
- g) Programar ou promover actividades formativas dirixidas a estudantes de posgrao e desenvolver actividades de especialización e de formación continua dirixidas a profesionais relacionados coa lingua galega.
- h) Prestar asesoramento técnico institucional en materias relacionadas co seu ámbito de estudo.
- i) Promover e colaborar na organización de debates, xornadas, congresos, reunións científicas, seminarios e actividades análogas que estean en conexión coa natureza e funcións propias do ILG.
- j) Contribuír á normalización da lingua galega, especialmente nos territorios galegófonos.



Artigo 4º.- Relacións de colaboración

Para a consecución dos seus obxectivos, o ILG poderá promover a colaboración con outros institutos, departamentos, grupos de investigación e centros da ou doutras universidades, así como con entidades públicas ou privadas, sempre de acordo coas normas vixentes para a formalización de contratos e convenios.

TÍTULO II DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 5º

O ILG ten órganos de goberno colexiados e individuais. Os órganos colexiados son a Xunta de Goberno, o Consello Científico e a Comisión Permanente. Os órganos individuais son o director ou directora e o secretario ou secretaria.

A Xunta de Goberno

Artigo 6º.- Composición

A Xunta de Goberno do ILG está formada por:

- a) O reitor ou reitora da ou vicerreitor ou vicerreitora en quen delegue, que a convocará e presidirá.
- b) O vicerreitor ou vicerreitora da con competencias en materia de investigación.
- c) Un ou unha representante do Consello de Goberno da USC, nomeado polo reitor ou reitora.
- d) Un ou unha representante do Consello Social da USC, designado por este.
- e) Un ou unha representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou do departamento con competencias nesta materia dentro da administración autonómica.
- f) Un ou unha representante do departamento ou departamentos da Xunta de Galicia con competencias en materia de investigación.
- g) Un ou unha representante da Real Academia Galega.
- h) Un ou unha representante do Consello da Cultura Galega.
- i) Un ou unha representante da Fundación Barrié.



- j) O decano ou decana da Facultade de Filoloxía da USC.
- k) O director ou directora do Departamento de Filoloxía Galega da USC.
- l) O director ou directora do Instituto da Lingua Galega.
- m) O secretario ou secretaria do Instituto da Lingua Galega, que o será tamén da Xunta de Goberno.

Artigo 7º.- Funcións

Son funcións da Xunta de Goberno:

- a) Elixir o director ou directora do ILG por proposta do Consello Científico e, de darse o caso, propoñerlle a súa remoción ao reitor ou reitora, mediante acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros.
- b) Aprobar o orzamento e a programación anuais do Instituto.
- c) Aprobar a memoria de actividades e a memoria económica anuais, das cales se dará conta ao Consello de Goberno da USC.
- d) Promover o financiamento e a dotación necesarios para o normal funcionamento do Instituto e para a consecución dos seus obxectivos.
- e) Propoñer ao Consello de Goberno da USC a incorporación á Xunta de Goberno de novas membros, en representación da comunidade universitaria ou de institucións públicas ou privadas.
- f) Propoñer ao Consello de Goberno da USC a modificación do presente regulamento de acordo co preceptuado no seu Título VII.
- g) Acordar a vinculación e desvinculación de membros do persoal investigador vinculado, por proposta do Consello Científico e co informe da Comisión Asesora Externa.
- h) Resolver sobre aquelas cuestións que o Consello Científico someta á súa consideración.

Artigo 8º.- Funcionamento

1. A Xunta de Goberno reunirse polo menos unha vez ao ano en sesión ordinaria, convocada polo seu presidente, e con carácter extraordinario sempre que se considere necesario, por iniciativa do presidente ou presidenta ou a pedimento dun terzo dos seus membros.
2. A convocatoria coa orde do día da sesión deberá estar en poder dos membros da Xunta de Goberno cunha antelación mínima de dous días hábiles, prazo no que tamén deberá estar ao seu dispor a documentación ou información relacionada cos asuntos da convocatoria.



3. A orde do día das sesións ordinarias fixaraa o presidente ou presidenta, asistido polo secretario ou secretaria. Entre os seus puntos deben figurar obrigatoriamente a aprobación da acta ou actas anteriores, así como os asuntos de trámite e os rogos e preguntas.

4. A orde do día das sesións extraordinarias fixaraa o presidente ou presidenta, cando se convoquen por iniciativa súa, ou os membros da Xunta de Goberno que promovan a súa convocatoria.

5. Os membros da Xunta de Goberno poderán propoñerlle á Presidencia a inclusión de puntos na orde do día dunha sesión. As propostas avaladas pola sinatura dun 15% de membros da Xunta de Goberno terán que ser incluídas na orde do día da sesión inmediata. Noutros casos, o presidente ou presidenta decidirá sobre a pertinencia da súa inclusión.

6. As sesións da Xunta de Goberno quedan constituídas validamente en primeira convocatoria ao estaren presentes polo menos a metade máis un dos seus membros e, en segunda convocatoria, co presenza do vinte e cinco por cento dos membros. Para a constitución válida do órgano teñen que estar presentes o presidente ou presidenta e o secretario ou secretaria, ou persoas que legalmente os substitúan.

7. O secretario ou secretaria levantará acta de cada sesión, especificando a orde do día, lugar e data, asistentes e puntos principais das deliberacións, xunto cos acordos adoptados.

As actas das sesións aprobaranse na seguinte sesión ordinaria e serán asinadas polo presidente ou presidenta e polo secretario ou secretaria.

O Consello Científico

Artigo 9º

O Consello Científico é o órgano ordinario de goberno do ILG encargado de programar e supervisar a súa actividade investigadora e docente.

Artigo 10º.- Composición

O Consello Científico está formado por:

- a) O director ou directora do ILG, que o convocará e presidirá.
- b) O secretario ou secretaria do ILG, que o será tamén do Consello Científico.
- c) Todos os membros doutores do Persoal Docente e Investigador con vinculación permanente á USC membros do Instituto, que representarán o 70% do total de membros do Consello Científico.
- d) Unha representación do persoal investigador colaborador con título de doutor e do persoal investigador posdoutoral sen vinculación permanente á que suporá o 15% do total



de membros do Consello Científico. Esta representación será elixida por votación entre os membros deste sector. En todo caso, os demais investigadores colaboradores e posdoutorais sen vinculación permanente poderán, se o solicitan, elixir as reunións do Consello Científico e participar nelas con voz pero sen voto.

e) Unha representación do persoal investigador non permanente e do persoal investigador en formación vinculado ao Instituto, que suporá o 15% do total de membros do Consello Científico. Esta representación será elixida polo persoal pertencente a estes grupos e garantirá a presenza dos dous colectivos mencionados.

Artigo 11º.- Funcións

Son funcións do Consello Científico:

- a) Propoñer á Xunta de Goberno o nomeamento do director ou directora do Instituto.
- b) Propoñer á Xunta de Goberno o ingreso no Instituto de novas investigadores vinculados, así como a súa desvinculación, en ambos os casos co informe da Comisión Asesora Externa.
- c) Emitir informe sobre as propostas de programas, orzamentos e memoria económica e de actividades do Instituto.
- d) Elaborar a programación das actividades científicas, docentes e de asesoramento técnico do Instituto e velar pola súa execución.
- e) Emitir informes sobre os contratos e convenios subscritos polo Instituto ou polo seu persoal investigador.
- f) Aprobar as propostas de novas proxectos que se pretendan vincular ao Instituto.
- g) Aprobar a creación ou a supresión de seccións e designar as persoas responsables delas.
- h) Elixir os membros da Comisión Permanente, así como acordar a creación de comisións temporais e elixir os seus membros.
- i) Aprobar a convocatoria de contratos con cargo aos orzamentos do Instituto.
- j) Promover diante da Xunta de Goberno a modificación do Regulamento de Réxime Interno.
- k) Adoptar calquera outro tipo de acordos relativos ao funcionamento ordinario do Instituto que o presente Regulamento e a lexislación vixente non atribúan expresamente a outros órganos.

Artigo 12º. Funcionamento



1. O Consello Científico reunirase en sesión ordinaria un mínimo de dúas veces ao ano en período lectivo. Ademais, sempre que sexa necesario, celebraranse sesións extraordinarias, ben por iniciativa do director ou directora ben por petición dun 15% dos seus membros.
 2. A convocatoria coa arde do día da sesión deberá estar en poder dos membros do Consello Científico cunha antelación mínima de dous días hábiles, prazo no que tamén deberá estar ao seu dispar a documentación ou información relacionada cos asuntos da convocatoria.
 3. A arde do día das sesións ordinarias fixaraa o director ou directora, asistido polo secretario ou secretaria. Entre os seus puntos deben figurar obrigatoriamente a aprobación da acta ou actas anteriores, así como os asuntos de trámite e os roges e preguntas.
 4. A arde do día das sesións extraordinarias fixaraa o director ou directora, cando se convoquen por iniciativa súa, ou os membros do Consello que promovan a súa convocatoria.
 5. Os membros do Consello Científico poderán propoñerlle á Dirección a inclusión de puntos na arde do día dunha sesión. As propostas avaladas pola sinatura dun 15% de membros do Consello terán que ser incluídas na arde do día da sesión inmediata. Neutros casos, o director ou directora decidirá sobre a pertinencia da súa inclusión.
 6. As sesións do Consello Científico quedan constituídas validamente en primeira convocatoria ao estaren presentes polo menos a metade máis un dos seus membros e, en segunda convocatoria, co presenza do vinte e cinco por cento dos membros. Para a constitución válida do órgano teñen que estar presentes o director ou directora e o secretario ou secretaria, ou persoas que legalmente os substitúan.
 7. O secretario levantará acta de cada sesión, especificando a orde do día, lugar e data, asistentes e puntos principais das deliberacións, xunto cos acordos adoptados.
- As actas das sesións aprobaranse na seguinte sesión ordinaria e serán asinadas polo director ou directora e polo secretario ou secretaria.
8. O Consello Científico poderá delegar en comisións o estudo e informe sobre as actividades docentes e investigadoras do Instituto.

A Comisión Permanente do Consello Científico

Artigo 13º

A Comisión Permanente ten como función a toma de decisión sobre asuntos relacionados coa xestión cotiá do Instituto que pola súa entidade ou urxencia o director decida someterá súa consideración.

Artigo 14º.- Composición



A Comisión Permanente está formada por:

- a) O director ou directora do Instituto, que a convocará e presidirá.
- b) O secretario ou secretaria do Instituto, que o será tamén da Comisión.
- c) Tres membros do Consello Científico elixidos por este, dos que polo menos dous serán doutores.

Artigo 15º.- Funcionamento

A Comisión Permanente reunirse por convocatoria do director ou directora e baixo a súa presidencia. Dos acordos adoptados pola Comisión Permanente darase conta na primeira sesión ordinaria que celebre o Consello Científico.

O director ou directora

Artigo 16º

O director ou directora será elixido pola Xunta de Goberno do ILG, por proposta do seu Consello Científico, entre o persoal docente e investigador doutor da USC con vinculación permanente e dedicación a tempo completo, e que forme parte do seu Consello Científico.

Artigo 17º

O director ou directora ocupará o cargo por un período de catro anos e poderá ser reelixido. En todo caso, de acordo co que establecen os Estatutos da Universidade para os órganos unipersoais electivos, o cargo de director non poderá ser exercido en máis de dous mandatos consecutivos.

Artigo 18º.- Funcións

Correspóndelle ao director ou directora do Instituto:

- a) Convocar e presidir as reunións do Consello Científico, executar os seus acordos e representalo diante da Xunta de Goberno.
- b) Representar o Instituto dentro do ámbito da súa competencia.
- c) Elaborar as propostas de orzamento e a programación do Instituto.
- d) Redactar a memoria de actividades e a memoria económica.
- e) Propoñerlle ao reitor ou reitora o nomeamento do secretario ou secretaria.
- f) Dirixir e coordinar as actividades do Instituto.



g) Autorizar os gastos dentro do orzamento anual.

O secretario ou secretaria

Artigo 19º

O secretario ou secretaria será nomeado polo reitor, por proposta do director ou directora, entre o persoal científico do Instituto que reúna os requisitos establecidos no artigo 71 dos Estatutos ou entre o persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 que preste servizos no Instituto.

Artigo 20º.- Funcións

Correspóndelle ao secretario ou secretaria do Instituto:

- a) Dar fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Instituto e redactar e custodiar as súas actas.
- b) Custodiar os arquivos e a documentación administrativa do Instituto.
- c) Expedir as certificacións dos actos e acordos dos órganos de goberno.
- d) Supervisar o labor do persoal de administración e servizos.
- e) Auxiliar o director ou directora nas súas funcións.
- f) Coordinar e dar conta diante do Consello Científico das actividades do grupo de investigación do ILG.

TÍTULO III DA COMISIÓN ASESORA EXTERNA

Artigo 21º

O ILG conta cunha Comisión Asesora Externa, que é un órgano asesor integrado por cinco investigadores de prestixio no ámbito dos estudos lingüísticos e filolóxicos, con funcións de orientación, acompañamento e avaliación da actividade investigadora do Instituto e dos seus membros.

Artigo 22º

Os membros da Comisión Asesora Externa serán nomeados polo reitor ou reitora por proposta da Xunta de Goberno do Instituto e oído o seu Consello Científico, para un período de catro anos, que poderá ser renovable.



Artigo 23º

A Comisión Asesora Externa ten as seguintes funcións:

- a) Asesorar a Xunta de Goberno e o director ou directora do Instituto sobre a definición temática e orientación da investigación que desenvolve no Instituto, así coma sobre calquera outro aspecto que se considere oportuno.
- b) Asistir a dirección e a Xunta de Goberno sobre o seguimento da evolución da investigación e do centro e da transferencia dos resultados da investigación.
- c) Avaliar periodicamente a actividade científica desenvolvida polos investigadores vinculados ao Instituto, emitir os correspondentes informes de valoración e propor, se é o caso, a súa desvinculación.
- d) Informar sobre a vinculación e desvinculación de novo persoal investigador.

TÍTULO IV DO PERSOAL**Artigo 24º**

O persoal científico do ILG está formado por membros pertencentes ás seguintes categorías:

- a) Persoa/ investigador vinculado: Persoal docente e investigador doutor da Universidade de Santiago de Compostela vinculado ao ILG e/ou investigadores doutores doutras institucións adscritos á mediante acordos institucionais que recoñezan a súa relación formal co ILG.
- b) Persoal investigador non permanente: Persoal investigador contratado especificamente con cargo a programas ou proxectos de investigación de acordo co marco laboral e normativo aplicable.
- c) Persoal investigador en formación: Persoal investigador matriculado nalgún programa de doutoramento da que cante coa dirección ou codirección dun investigador ou investigadora vinculado ao ILG.
- d) Persoal investigador colaborador: Persoal docente e investigador de calquera universidade ou centro de investigación que colabore nun proxecto adscrito ao ILG, e persoal investigador non pertencente á comunidade universitaria que sen relación contractual colabore nun proxecto adscrito ao ILG. En calquera caso, a condición de investigador colaborador non implica a existencia de ningún tipo de relación laboral nin de pertenza á nin supón a consideración de membro da súa comunidade universitaria.

Artigo 25º

1. A condición de investigador vinculado ao Instituto da Lingua Galega adquirese a través da participación nalgúns dos proxectos ou das actividades de investigación enmarcados dentro da programación aprobada polo Consello Científico.
2. O persoal investigador vinculado que reúna esta condición ingresa por petición propia, que debe ser estudada e aprobada pola Xunta de Goberno, por proposta do Consello Científico, co informe razoado da Comisión Asesora Externa. A condición de investigador vinculado mantense durante o desenvolvemento do proxecto ou actividade en que participe e, en todo caso, por un período mínimo de tres anos.
3. A condición de investigador vinculado ao Instituto implicará que as actividades e produción científica desenvolvidas dentro do marco da se adscriban ao Instituto para os efectos de filiación e valoración de indicadores.
4. A desvinculación do persoal investigador vinculado será aprobada pola Xunta de Goberno e poderá producirse por algunha das seguintes razóns:
 - a) Por petición propia, que deberá ser notificada por escrito á Dirección do Instituto, con carácter xeral, con cando menos nove meses de antelación.
 - b) Por extinción das condicións que motivaron a súa vinculación.
 - c) Por proposta razoada do Consello Científico, da Comisión Asesora Externa ou do director ou directora do Instituto.

Artigo 26º

O persoal investigador en formación e o persoal investigador non permanente ingresa e cesa nas datas dos actos que xustifican o seu ingreso ou cesamento.

Artigo 27º

O persoal investigador colaborador ingresa por acordo do Consello Científico, por proposta do investigador principal do proxecto realizada co consentimento da persoa interesada. Poderá cesar por petición propia, por acordo do Consello Científico ou ben cando finalice o proxecto en que colabora ou cando remate a súa participación nel.

Artigo 28º

O persoal docente e investigador da USC integrado no ILG manterá as súas aforas docentes na USC. A súa dedicación ao Instituto afectará só á súa xornada investigadora, sen prexuízo da posibilidade de dispensar docencia de doutoramento ou de especialización no ILG. A dedicación ás actividades de xestión, docencia e investigación do ILG será tomada en consideración no cómputo das súas obrigas na USC segundo estableza a normativa vixente de dedicación do profesorado.



Artigo 29º

O ILG ten persoal de administración e servizos, adscrito pola Reitoría da USC dentro do cadro de PAS da Universidade.

TÍTULO V DA ORGANIZACIÓN INTERNA**Artigo 30º**

Para un mellor cumprimento dos seus obxectivos, o Instituto da Lingua Galega dotarase dunha estrutura organizativa e de xestión adecuada ás actividades que desenvolve. Para isto poderá crear Seccións.

Artigo 31º

As Seccións son unidades organizativas en que se integran proxectos e liñas de investigación afíns dentro do campo da lingüística galega. As Seccións crearanse ou suprimíranse por acordo do Consello Científico, que designará tamén a persoa responsable da súa coordinación.

Artigo 32º

O Instituto dispón de infraestruturas de xestión e de apoio á investigación: biblioteca, arquivo documental, administración e xestión económica, e equipamento informático.

TÍTULO VI DO RÉXIME ECONÓMICO E MEDIOS MATERIAIS**Artigo 33º**

O ILG terá orzamento propio de ingresos e gastos, que se integrará no orzamento xeral da Universidade.

Artigo 34º

A proposta de distribución do orzamento será elaborada anualmente polo director e, despois de informada polo Consello Científico, someterase á aprobación da Xunta de Goberno. Cos mesmos requisitos procederase á aprobación da liquidación do orzamento.

Artigo 35º

Serán ingresos do ILG:

a) As cantidades que no orzamento da Universidade se lle adscriban anualmente.



- b) As cantidades que se poi dan derivar de publicacións, así como de cal quera servizo a entidades públicas ou privadas e persoas físicas.
- c) As cantidades recibidas en concepto de proxectos, convenios, contratos, infraestrutura e axuda á investigación polo persoal investigador e grupos vinculados ao ILG.
- d) As subvencións, doazóns, legados e axudas de todo tipo outorgadas por entidades públicas ou privadas e persoas naturais.
- e) Os ingresos aboados polos inscritos en cursos, reunións científicas e o u tras actividades semellantes organizados polo Instituto.

Artigo 36º

A instrumentación científica e demais medios materiais adquiridos con cargo ao orzamento do ILG formarán parte do patrimonio da USC e adscribiranse ao servizo deste Instituto. Existirá un inventario, sempre actualizado, de todos os medios dispoñibles.

TÍTULO VII DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 37º

As propostas de modificación do presente Regulamento compétenlle á Xunta de Goberno do ILG, sempre de acordo cos Estatutos da Universidade.

Artigo 38º

Calquera proposta de modificación do Regulamento deberá constar na orde do día da convocatoria da sesión da Xunta de Goberno do ILG e conter unha indicación expresa do artigo ou artigos que se propón reformar.

Artigo 39º

A proposta de modificación deberá ir avalada por un terzo dos membros da Xunta de Goberno, e requirirá unha maioría de dous terzos dos seus membros para a súa aprobación.

Artigo 40º

A reforma aprobada pola Xunta de Goberno do ILG deberá ser presentada ao Consello de Goberno da Universidade para a súa ratificación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL



Corresponderá á Xunta de Goberno do ILG a facultade de interpretar o presente Regulamento e ditar as pertinentes normas aclaratorias.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira.-

A posta en funcionamento do presente Regulamento correspóndelle ao Consello Científico xa constituído conforme o regulamento vixente ata o momento.

Segunda.-

O ILG axustará o seu funcionamento ao presente Regulamento nos termos establecidos no Acordo sobre Transición dos Institutos Universitarios de Investigación da USC, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 31 de xaneiro de 2018.

Terceira.-

Mentres non se produce a adaptación sinalada na disposición transitoria precedente, o ILG continuará coas mesmas competencias e estrutura con que conta no momento actual.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da USC.

